

“En Ramón Piñeiro pódese visibilizar toda a riqueza que o século XX deu de si en Galicia”

MERCEDES QUEIXAS

SECRETARIA XERAL DA
AELG

ADN-LV María Barallobre

Mercedes Queixas, secretaria xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega, vén de publicar *Ramón Piñeiro. A expresión cultural dunha estratexia política* (Laiovento). O mércores presentou a obra na librería Couceiro de Santiago e nos vindeiros días farao na Coruña.

P ¿Como xurdiu a idea de elaborar este libro?

R Naceu dunha petición da Editorial Laiovento de facer un manual de divulgación sobre Piñeiro para achegalo a toda a sociedade.

P ¿Que destacaría do intelectual?

R Nel podemos visibilizar toda a riqueza cultural e a evolución polí-



tica que o século XX deu de si en Galicia, desde a súa activa participación no fervedoiro político e cultural da preguerra, sufrindo despois en carne propia a dramaticidade da guerra, ata chegar á reinserción na sociedade, logo de pasar tres anos no cárcere, para apostar pola vía

cultural en detrimento da resistencia política.

P Con empresas como Galaxia.

R Si. Con Galaxia inaugura unha correa de transmisión da lingua e a literatura galegas, recuperar voces de preguerra como Cunqueiro, Otero Pedrayo, Cabanillas... – e promover os novos valores das letras galegas: Ferrín, Novoneyra, Manuel María, María Xosé Queizán...

P ¿Coñeceu en vida a Piñeiro?

R Non tiveron sorte. O meu contacto con Piñeiro foi a través de xente que si o acompañou e partillou amizade como Xosé Manuel Beiras, Fernández del Riego, Francisco Pillado. Pero para coñecer a súa figura é fundamental achegarse aos centos de cartas que intercambiou con xente como Basilio Losada, Otero Pedrayo ou Carballo Calero.